



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito financeiro e tributario

Materia	Dereito financeiro e tributario			
Código	P04G091V01304			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego Inglés			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Muleiro Parada, Luís Miguel			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Mosquera Pena, Juan Antonio Muleiro Parada, Luís Miguel Rodríguez Losada, Soraya			
Correo-e	lmuleiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O Dereito Financeiro e Tributario é un materia que ten por finalidade o estudo da ordenación xurídica dos ingresos e gastos públicos, así como das relacións xurídicas que xorden entre a Administración e os particulares. A materia obxecto de estudo estrutúrase en dous grandes apartados. Dun lado, o primeiro apartado serve de introdución ao estudo do Dereito Financeiro, destacando a análise das fontes desta rama xurídica e do poder financeiro nos tres niveles de Facenda (Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais). Para rematar, o segundo apartado correspóndese coa denominada Parte xeral do Dereito Tributario, na que se enfronta o estudo do tributo e a obriga tributaria, a interpretación e a aplicación dos tributos.			

## Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG2	Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada
CG3	Capacidade de escoita, de lectura comprensiva e habilidades de comunicación oral e escrita
CG5	Ser capaz de interpretar datos derivados das observacións en relación coa súa significación e relacionalos coas teorías apropiadas no ámbito da dirección e xestión pública
CE14	Coñecer o réxime xurídico financeiro das Administracións Públicas, o funcionamento económico do Sector Público (ingresos e gastos) e os instrumentos de financiamento do Sector Público (tributos)
CT1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos
CT2	Capacidade de organización, planificación e utilización do tempo e de autocontrol ante situacións de presión
CT5	Capacidade para a toma de decisións autónoma e independente
CT8	Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións
CT9	Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
O alumnado deberá ser capaz de resolver problemas xurídicos en relación co réxime xurídico-financeiro das Administracións Públicas.	CB1	CG2	CE14	CT1
	CB2	CG3		CT2
	CB3	CG5		CT5
	CB4			CT8
	CB5			CT9

## Contidos

Tema	
Lección 1.- O Dereito Financeiro e as súas fontes	<ol style="list-style-type: none"><li>1. A actividade financeira.</li><li>2. O obxecto do Dereito Financeiro e as relacións do Dereito Financeiro con disciplinas xurídicas e non xurídicas.</li><li>3. Contido do Dereito Financeiro.</li><li>4. Autonomía legislativa e autonomía científica.</li><li>5. As fontes do ordenamento financeiro:<ol style="list-style-type: none"><li>A) A Constitución;</li><li>B) A Lei: leis orgánicas e leis ordinarias. O principio de reserva de lei en materia tributaria: fundamento e ámbito;</li><li>C) Os Decretos leis e Decretos Legislativos;</li><li>D) Os Tratados internacionais;</li><li>E) A potestade regulamentaria. Límites e titulares da potestade regulamentaria no ordenamento financeiro español;</li><li>F) Ordes. Circulares. Instrucións.</li></ol></li><li>4. A xurisprudencia constitucional.</li></ol>
Lección 2.- Os principios constitucionais no ordenamento financeiro	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Principios constitucionais no ordenamento financeiro. Enumeración.</li><li>2. O valor dos principios como normas xurídicas.</li><li>3. Principios en relación cos ingresos.</li><li>4. Principios en relación cos gastos</li></ol>
Lección 3.- O poder financeiro en España	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Introducción ao poder financeiro:<ol style="list-style-type: none"><li>A) O concepto e a evolución histórica do poder financeiro.</li><li>B). A extensión e límites do poder financeiro.</li><li>C). O poder financeiro e a integración europea.</li></ol></li><li>2. A ordenación constitucional do poder financeiro en España:<ol style="list-style-type: none"><li>A) O poder financeiro do Estado.</li><li>B) O poder financeiro das Comunidades Autónomas en réxime común.</li><li>C) O poder financeiro das Comunidades Autónomas en réxime de concerto ou convenio.</li><li>D) O poder financeiro das entidades locais.</li><li>E) As competencias financeiras dos entes institucionais.</li></ol></li></ol>
Lección 4.- A aplicación das normas financeiras	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Eficacia das normas financeiras no espazo.</li><li>2. Eficacia das normas financeiras no tempo. A entrada en vigor. Cesamento de vixencia das normas tributarias</li><li>3. A retroactividad no Dereito Financeiro e Tributario.</li></ol>
Lección 5- A interpretación das normas financeiras	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Concepto de interpretación.</li><li>2. A interpretación no Dereito Financeiro.</li><li>3. A interpretación no Dereito positivo español. O problema da cualificación en Dereito Tributario.</li><li>4. A integración das normas financeiras. A analogía.</li><li>5. O conflito na aplicación da norma tributaria: a cláusula antielusiva. Concepto e distinción de figuras afíns.</li><li>6. A simulación.</li></ol>
Lección 6.- O obxecto da actividade financeira. Os ingresos públicos	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Perspectiva xurídica para a análise da actividade financeira.</li><li>2. Os gastos públicos. Concepto e clases. O Dereito do gasto público.</li><li>3. Ingresos públicos. Concepto e caracteres.</li><li>4. Ingresos de Dereito Privado. Concepto e clases. 5. Ingresos de Dereito Público. Concepto e caracteres.</li><li>6. Ingresos ordinarios de Dereito público.</li><li>7. Ingresos extraordinarios de Dereito público.</li></ol>

Lección 7.- Os principios constitucionais en materia tributaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A Xustiza tributaria. Concepto.</li> <li>2. Os principios de xustiza tributaria na Constitución e na lexislación ordinaria.</li> <li>3. O principio de capacidade económica.</li> <li>4. O principio de legalidade e o principio de reserva de lei. Alcance.</li> <li>5. O principio de xeneralidade.</li> <li>6. O principio de igualdade en materia tributaria.</li> <li>7. O principio de progresividade.</li> <li>8. O principio de non confiscatoriedade.</li> <li>9. Outros principios.</li> </ol>
Lección 8.- A obriga tributaria. O tributo. O feito imponible	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A obrigatributaria como núcleo de estudo do Dereito Tributario. <ol style="list-style-type: none"> <li>A) Dereito tributario material e Dereito Tributario formal.</li> <li>B) A teoría da relación xurídica tributaria.</li> </ol> </li> <li>2. O tributo no Dereito positivo español. Concepto.</li> <li>3. O feito imponible. Elemento obxectivo e subxectivo. O obxecto do tributo.</li> <li>4. Nacemento da obriga tributaria. Deveno e esixibilidade.</li> <li>5. Suxeición e non suxeición.</li> <li>6. Exención e clases.</li> <li>7. O feito imponible e a configuración de cada tributo.</li> </ol>
Lección 9.- Clases de tributos.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Clasificación dos tributos.</li> <li>2. Concepto de Imposto. Elementos e estrutura xurídica. Clases de impostos.</li> <li>3. Concepto de taxa. Natureza xurídica tributaria. Principios constitucionais. Clases de taxas.</li> <li>4. O prezo público. Ordenación da Parafiscalidade.</li> <li>5. Concepto de contribución especial. Fundamento xurídico. Réxime xurídico: cuantificación e procedemento.</li> </ol>
Lección 10.- Outras obrigas subsidiarias e accesorias	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A obriga de realizar pagos a conta.</li> <li>2. As obrigas entre particulares: repercusión, retención e ingreso a conta.</li> <li>3. As obrigas tributarias accesorias. <ol style="list-style-type: none"> <li>A) O interese de demora.</li> <li>B) As recargas por declaración extemporánea.</li> <li>C) As recargas do período executivo.</li> </ol> </li> <li>4. As obrigas tributarias formais.</li> <li>5. As obrigas da Administración.</li> </ol>
Lección 11.- Suxeitos da obriga tributaria. Capacidade no ámbito tributario	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Suxeitos da obriga tributaria. <ol style="list-style-type: none"> <li>A). Suxeitos activos.</li> <li>B). Suxeitos pasivos. Outras técnicas de aseguramento da obriga tributaria principal.</li> </ol> </li> <li>2. Contribuínte.</li> <li>3. Substituto.</li> <li>4. O responsable: concepto, clases e réxime xurídico.</li> <li>5. Os sucesores.</li> <li>6. A capacidade no ámbito tributario: <ol style="list-style-type: none"> <li>A) Capacidade xurídica tributaria. Unidade económica e patrimonio separado susceptibles de imposición.</li> <li>B). Capacidade de obrar tributaria.</li> <li>C). Representación.</li> </ol> </li> <li>7. Domicilio fiscal.</li> </ol>
Lección 12.- A cuantificación da obriga tributaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estrutura da norma nos tributos fixos e nos variables e o concepto de cuantificación do tributo.</li> <li>2. A base imponible. Concepto.</li> <li>3. Modalidades de bases imposables.</li> <li>4. O tipo de gravame. Concepto e clases.</li> <li>5. Outros elementos de cuantificación.</li> </ol>
Lección 13.- Réximes de determinación de bases imposables. Cota e débeda tributaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Réximes de determinación de bases imposables. Noción.</li> <li>2. Determinación directa.</li> <li>3. Determinación obxectiva.</li> <li>4. Estimación indirecta.</li> <li>5. Cota: concepto e clases.</li> <li>6. Débeda tributaria.</li> </ol>

Lección 14.- Extinción da obriga tributaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A extinción da obriga tributaria.</li> <li>2. Causas ou modos de extinción.</li> <li>3. O pagamento.</li> <li>4. A prescrición.</li> <li>5. A compensación. A conta corrente tributaria.</li> <li>6. A condonación.</li> <li>7. Garantías do crédito tributario.</li> </ol>
Lección 15.- As obrigas accesorias ligadas á extinción da obriga tributaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O interese de demora.</li> <li>2. As recargas por declaración extemporánea.</li> <li>3. As recargas do período executivo.</li> </ol>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	29	50	79
Seminario	12	45	57
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	5	7
Exame de preguntas obxectivas	2	5	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da/do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo dun tema específico que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. O alumnado -de maneira individual ou en grupo- resolverá casos prácticos aplicando e interpretando o Dereito Financeiro e Tributario, fará unha exposición sobre un tema proposto, elaborará informes xurídicos, etc.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse e resolverán dúbidas do alumnado da modalidade presencial e semipresencial respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Seminario	O alumnado tanto da modalidade presencial como semipresencial poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Nas clases prácticas presenciais proporase ao alumnado a realización de distintas actividades: casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, etc. Estas actividades só serán avaliadas se o alumnado se somete a avaliación continua. Ademais, valorarase especialmente a participación activa da alumna/o, tanto .nas clases maxistras como nas devanditas "clases prácticas"	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG2 CG3 CG5 CE14 CT1 CT2 CT5 CT8 CT9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final que consta de dúas partes: unha práctica escrita (na que o alumnado terá que demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG2 CG3 CG5 CE14 CT1 CT2 CT5 CT8 CT9
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse probas de resposta curta e tipo test exclusivamente ao alumnado que se someta ao sistema de avaliación continua.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG2 CG3 CG5 CE14 CT1 CT2 CT5 CT8 CT9

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto

**de exame. Oportunamente, a comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección e un cronograma.**

Primeira oportunidade de exame:

1.- O alumnado que se someta a avaliación continua será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (60%), probas de resposta curta ou test (20%) e seminarios (20%). Na proba final, o exame de teoría e oral supoñerá o 80% e o práctico, por escrito, supoñerá un 20%. En todo caso, a alumna/o deberá acadar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar dita nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á do exame. Os alumnos de avaliación continua asistirán regularmente a clase (en calquera caso, non pode superar de non asistencia máis dun 10% das clases).

2.- O alumnado que NON se somete a avaliación continua, ou que quede excluídos do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 20% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos/as de avaliación continua.

Segunda oportunidade de exame:

1.- No exame de xullo só se realizará unha proba final, que constará de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).

2.- O alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua conservará a nota que obtivese no curso e que representará o 40% da súa calificación total (20% de probas de resposta curta ou test e 20% de Seminarios). O 60% da nota restante provirá da mencionada proba final. Na devandita proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% da nota e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, a/o alumna/o deberá acadar unha nota mínima de 4 sobre 10 nesa proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar dita nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á do exame.

3.- Para o alumnado que non se sometera a avaliación continua, ou que quedara excluído do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 20% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua.

4.- Ao alumnado que se sometera ao sistema de avaliación continua e non superase a proba final nin na primeira oportunidade de exame nin na segunda, conserváraselles a nota obtida a través de devandito sistema durante o curso académico seguinte, sempre que a alumna/o manifeste o seu acordo.

#### CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

O exame da convocatoria de Fin de carreira será unha proba teórico-práctica escrita, cuxa cualificación será o 100% da nota. A cualificación estará integrada polo 80% da cualificación obtida no exame teórico e o 20% da cualificación obtida no exame práctico. Non se terá en conta en ningún caso a avaliación continua do ano anterior.

#### METODOLOXÍA E AVALIACIÓN DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

##### NORMAS BÁSICAS DE SEMIPRESENCIALIDADE:

1. O alumnado matriculado na modalidade semipresencial comprométese co equipo docente a seguir un réxime de "avaliación continua semipresencial", que implica a participación presencial ou virtual nas actividades que o profesorado deseñe para a dita modalidade.

2. A modalidade semipresencial supón a avaliación continua da aprendizaxe do alumnado. A tal fin establécese con carácter xeral, que a proba final obrigatoria terá lugar de modo presencial na data e hora establecidas no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade, supoñendo o 60% da nota global. Este exame final estará integrado por unha proba teórico-oral e unha proba práctica escrita. O 40% restante corresponderase coa avaliación continua, que pode realizarse ben a través de medios virtuais (empregando a plataforma FAITIC) ou ben asistindo ás sesións prácticas presenciais distribuídas ao longo do cuatrimestre.

3. O alumnado que non participe en máis do 80% das actividades de avaliación continua semipresencial propostas polo profesorado, será avaliado nun 100% en función dos resultados obtidos na proba final teórico-práctica.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

---

Pérez Royo, F., **Derecho Financiero y Tributario. Parte general**, Civitas - Thomson Reuters, 2020

Martín Queralt, J., Lozano Serrano, C.; Tejerizo López, J.M., Casado Ollero, G., **Curso de Derecho financiero y tributario**, Tecnos, 2020

Merino Jara, I., (Dir.), **Curso de Derecho Financiero y Tributario**, Tecnos, 2020

Thomson-Aranzadi, Tecnos, McGraw-Hill, Civitas, **Textos legales de la parte general del Derecho Financiero y Tributario**, 2020

#### **Bibliografía Complementaria**

Ferreiro Lapatza, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario. Primera y Segunda Parte**, 1, Marcial Pons, 2010

VAZQUEZ DEL REY VILLANUEVA ANTONIO , SIMÓN YARZA MARÍA EUGENIA , SIMÓN ACOSTA EUGENIO, **Lo esencial del derecho financiero y tributario. Parte general**, Aranzadi, 2018

Martín Fernández, J., **Tratado práctico de Derecho Tributario general español: una visión sistemática de la Ley General Tributaria**, Tirant lo Blanch, 2018

#### **Recomendaciones**

##### **Materias que continúan o temario**

Xestión tributaria/P04G091V01505

Técnicas de xestión orzamentaria/P04G091V01605

Financiamento autonómico e local/P04G091V01904

#### **Plan de Continxencias**

##### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para a materia de Dereito Financeiro e Tributario planifícanse as seguintes medidas excepcionais:

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

DOCENCIA:

No caso de que a docencia non se poida desenvolver de maneira presencial por razóns sanitarias, as clases serán impartidas de xeito remoto a través das aulas virtuais e co apoio da plataforma de Teledocencia Faitic.

As sesións maxistras e seminarios prácticos serán impartidos polos profesores responsables empregando o complemento de Aula Virtual habilitado no remoto Campus da Universidade de Vigo. O profesorado estará dispoñible para apoiar a resolución de dúbidas e as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia), baixo a modalidade de concertación previa. Para os seminarios, dende a plataforma Faitic proporcionaráselle ao estudantado unha serie de supostos prácticos cunha semana de antelación que terán que ser preparados pola súa conta para a sesión correspondente. A través da aula virtual o profesor levará a cabo unha explicación dos supostos prácticos plantexados e farase unha posta en común entre o profesor e os alumnos para establecer as pautas de solución, o que permitirá verificar a adquisición das habilidades correspondentes e a asimilación de contidos.

A avaliación continua realizarase de acordo co disposto na guía docente e o cronograma, establecendo como medios para avaliar as competencias do alumnado as actividades descritas a continuación. As probas de avaliación continua realizaranse a través da plataforma Faitic segundo o indicado no cronograma. Por outra banda, as entregas dos casos prácticos indicados faranse ao profesor responsable e valoraranse para os efectos da cualificación da avaliación continua, de acordo co disposto na guía docente. Así mesmo, para a avaliación continua valorarase a participación activa e de calidade do alumnado, segundo o establecido na guía docente.

EXAME:

Cando as razóns sanitarias impidan a celebración dos exames de forma presencial, o exame final realizarase segundo o establecido na guía docente e constará de: 1) Un exame práctico por escrito para o que se utilizará a plataforma Faitic cun sistema de tempo controlado que garanta que o traballo se realice individualmente e 2) Un exame de teoría oral para o que se empregará o campus remoto. A avaliación continua e os exames realizados ponderaranse na nota final segundo o establecido na guía docente da materia.

---